



IG166 - XESTORES DE INTERNACIONALIZACIÓN 2024

Concurrencia non competitiva


As solicitudes atenderanse por orde de entrada.
Subvencionamos ata **DOUS XESTORES**.

Orzamento
1.300.000€



Prazo de presentación:

Desde o **10 de xaneiro** ata o **9 de xullo** ás **14.00 h**



» PARA QUEEN?



Pequenas e medianas empresas que contan cun informe positivo dos nosos programas avanzados de apoio á internacionalización



Que teñan un **proxecto de internacionalización** que requira contratar profesionais en comercio exterior.

» QUE SE SUBVENCIONA?



O **salario bruto**, por conta allea e a tempo completo, de xestores de internacionalización.



DURANTE CANTO TEMPO?
Como **mínimo 6 meses** e **máximo 18 meses**.

CUSTO SUBVENCIONABLE **19.238 €/ano**
(1.603,16 €/mes con rateo de pagas extra)

» A QUEEN PODO CONTRATAR?

O xestor debe:

- ✓ Ter **titulación universitaria ou FP de técnico superior en comercio internacional**; ou ben, contar cun certificado de profesionalidade de comercio exterior ou comercio internacional.
- ✓ Se a titulación universitaria non é de comercio internacional, debe **acreditarse unha destas opcións**:
 1. Bolsa de prácticas de posgrao en internacionalización empresarial máis de 6 meses, en organismos públicos nacionais ou estranxeiros.
 2. Mestrado de comercio exterior.
 3. Certificado de profesionalidade de comercio exterior ou comercio internacional.
 4. Curso de comercio exterior a partir de 140 horas.
- ✓ Estar **dados de alta como demandantes de emprego**.





IG166 - XESTORES DE INTERNACIONALIZACIÓN 2024

» O CONTRATO, PARA QUE É?

Realizar actividades relacionadas co proxecto de comercio exterior detallado pola persoa beneficiaria na súa solicitude de axuda.

Modalidade do contrato:

- Pode ser calquera das previstas na lexislación laboral (excepto contratos de alta dirección).
- Os contratos laborais subvencionables deben ser indefinidos ou temporais por un período mínimo de 6 meses.

» CANDO SE ABOA A SUBVENCIÓN?

Podes solicitar un **anticipo de ata o 50 %**, sen necesidade de constituír garantías.

O pagamento final faise cando se presenta a documentación xustificativa.

Solicita a túa axuda en www.tramita.igape.es

MÁIS INFORMACIÓN

